

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ORDE do 23 de outubro de 2017 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2016/17, convocados pola Orde do 23 de maio de 2017 (Diario Oficial de Galicia do 7 de xuño).

A Orde do 23 de maio de 2017 (DOG do 7 de xuño) pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico, correspondentes ao curso 2016/17, establece no seu artigo 13.2 que a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo tribunal á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizadas as probas, publicadas as cualificacións provisionais obtidas polos candidatos e candidatas no portal educativo <https://www.edu.xunta.es>, resoltas as reclamacións presentadas, vista a acta coa proposta definitiva do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios e a proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2016/17 ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Esta orde de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



ANEXO

Premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2016/17

Sol.	Apelidos e nome	Cód. C.	Centro de estudos	Importe
21880	Aguirre Álvarez, Ismael	36011580	IES San Tomé de Freixeiro	750 €
22642	Alcalde López, Tomás	15015561	CPR Manuel Peleteiro	750 €
23399	Álvarez Costas, Claudia	36016681	IES Carlos Casares	750 €
22609	Apolinar Rodríguez, Fernando	32008410	CPR Plurilingüe Santo Ángel	750 €
23300	Araújo Castelo, Rosa do Carme	36006729	IES Valle-Inclán	750 €
22591	Bas Fernández, Juan	36011191	CPR Plurilingüe Montecastelo	750 €
21877	Calvo García, Alejandra	15015861	IES Eduardo Pondal	750 €
22792	Freire Vázquez, Ada	36006729	IES Valle-Inclán	750 €
23584	Gálvez Marque, María	15004125	CPR Eirís	750 €
21575	Lamela Gómez, Manuel Francisco	27013314	IES Santiago Basanta Silva	750 €
22649	López Sánchez, Alejandra	27006231	CPR Plurilingüe Divina Pastora	750 €
22683	Padrón Tardáguila, Mario	15015561	CPR Manuel Peleteiro	750 €
23280	Polo Noche, Javier	36010976	CPR Plurilingüe Compañía de María	750 €
23080	Portela Couñago, Laura	36016656	IES Pedro Floriani	750 €
22720	Rodríguez González, Yolanda	36012471	IES Castro Alobre	750 €
22700	Rojas Novoa, Andrea	32008941	IES Eduardo Blanco Amor	750 €
22892	Santos Ulloa, Sofía	27006531	IES Lucus Augusti	750 €
22802	Serra Serrano, Miguel	15005211	IES Salvador de Madariaga	750 €
22894	Tato Lage, Roberto	36007527	CPR Plurilingüe La Inmaculada	750 €
21783	Vázquez García, Andrés	27003151	IES Lama das Quendas	750 €

